

A/a do Sr. Director Xeral de AGADER.  
Consellería do Medio Rural

D. M<sup>a</sup> Jesús Bóo Montes con DNI 34.967.290-E en calidade de Secretaria da Asociación O Vieiro Leboreiro , con CIF nº G-32391369, e domicilio a efectos de comunicación en Avda. López Blanco nº 9 Baixo CP 32800 Celanova (Ourense) e que preside D. Xan Carlos Fernández Rodríguez con DNI 34.967.481-Y,

### **CERTIFICA:**

Que na reunión da Xunta Directiva que tivo lugar o día 8 de outubro de 2015, tratouse no segundo punto da orde de traballos o seguinte tema:

**“ Estudo da proposta de AGADER sobre vindeiro mapa de Grupos de Desenvolvemento Rural e normativa correspondente. Prazos de constitución de novos GDRs. Posibles alegacións.”**

Logo da correspondente explicación e dabate sobre este punto, chegouse aos seguintes

### **ACORDOS:**

1.- Alegacións sobre os prazos de apertura do vindeiro periodo LEADER 2014/2020:

Requerir de AGADER e da Consellería do Medio Rural a maior axilidade posible, co obxectivo de que na anualidades 2016 poda establecerse un prazo de solicitudes que permita que as entidades promotoras tramiten e realicen os seus proxectos nesa anualidade. Esta alegación ten a ver coa proposta de novo sistema de xestión das axudas, posto que ao ter que ser habilitado un prazo anual para ser resoltas en “concorrenza competitiva”,

de non ter procurado a apertura do prazo de solicitude antes do mes de maio de 2016, dificilmente van poder ser amparados os proxectos que teñan que ser iniciados no ano 2016.

## 2.- Alegacións sobre a proposta de mapa ou distribución dos GDR, en toda Galicia, no vindeiro periodo LEADER 2014/2020:

Logo do debate mantido, prodúcese unha votación co seguinte resultado

Mapa proposta A: 0 votos

Mapa proposta B: 12 votos

Mapa proposta C: 2 votos

Abstencións: 4 votos.

Acordase así mesmo dar traslado á AGADER do resultado desta votación, pero informando por parte dos representantes dos concellos presentes, que de xeito individualizado, manifestarán a súa preferencia mediante comunicación por escrito, ou ben a este GDR 16 ou ben directamente a AGADER.

## 3.- Alegacións sobre o reparto de fondos para o vindeiro periodo LEADER 2014/2020:

Por unanimidade das entidades presentes e representadas, acordouse trasladar a AGADER a necesidade de que no futuro reparto dos 84 M€ para LEADER 2014/2020, sexan tidas en conta as características das zonas de interior, fundamentalmente das provincias de Lugo e Ourense, de xeito que criterios como


RURALIDADE, AVELLAMENTAMENTO, DESPOBOACIÓN, MENOR DINAMISMO ECONÓMICO, DISPERSIÓN XEOGRÁFICA, sexan factores de DISCRIMINACIÓN POSITIVA no reparto dos citados fondos, co obxectivo de que este periodo LEADER, no seú balance final, atenda a correxir os indicadores definidos como “DESENVOLVEMENTO RURAL INTEGRAL” para os territorios máis desfavorecidos, ofrecendo así unha ferramenta de reequilibrio social, económico e territorial dacordo cos valores e prioridades establecidos no Marco Estatal e na proposta de PDR de Galicia 2014/2020.

4.- Alegacións ao respecto da proposta de “bases reguladoras” do programa LEADER 2014/2020:

A este repeito, e dentro das consideracións máis prácticas e técnicas, acórdase participar no correspondete debate, e APOIAR as alegacións que sobre a citada proposta regulamentaria, PRESENTE a ASOCIACIÓN DE GDR DE GALICIA.

**E polo tanto darlle traslado á Consellería do Medio Rural e a propia Asoc. de GDRs de Galicia**

Asinamos a presente en Celanova a 13 de outubro de 2015



Asdo: M<sup>a</sup> Jesús Boo Montes

Asdo: Xan Carlos Fernández Rodríguez

Secretaria da Asoc. O Vieiro Leboreiro

Presidente da Asoc. O Vieiro Leboreiro

